

Acción E.2. Programa de divulgación e sensibilización

boletín nº4

decembro 2021

MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DOS CORREDORES FLUVIAIS DA REXIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA



índice

avances nas accións de restauración.....	5
actuacions na Lagoa do Rei.....	5
actuacions nos enclaves do río Miño.....	6
actuacions no corredor Ría de Ribadeo-Ría do Eo.....	7
actuacions na cunca media do Eo.....	7
actuacions nas lagoas de Arnao e Villadún.....	9
actuacions no LIC río Lima.....	10
actuacions na ZEC Betanzos-Mandeo.....	11
actuacions na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre.....	12
comunicación e difusión.....	13
audiovisual.....	13
o xogo da gota.....	14
exposición itinerante.....	15
web LIFE Fluvial e redes sociais.....	16
divulgación e sensibilización.....	17
taller escolar no concello de Oleiros.....	17
talleres escolares no municipio de Bergondo.....	17
talleres escolares en el municipio de Sada.....	19
taller escolar en el municipio de Carral.....	20
taller escolar en el municipio de Betanzos.....	21
talleres escolares en el municipio de A Coruña.....	22
talleres escolares en el municipio de Culleredo.....	23
taller escolar en el municipio de A Fonsagrada.....	24
taller escolar en el municipio de Trabada.....	24
taller escolar en el municipio de Castropol.....	24
talleres escolares en el municipio de Oviedo.....	25
talleres escolares en el municipio de Ponte de Lima.....	26
jornada de voluntariado en Cullergondo.....	27
jornada de voluntariado en Carral.....	27

jornada de voluntariado en Aspace.....	28
jornada de voluntariado en O Pedrido (Bergondo).....	29
jornada de voluntariado en la ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre	30
jornada de voluntariado en Irixoa	31
jornada de voluntariado en Arteixo.....	32
jornada de voluntariado en el área recreativa de la laguna de Arnao.....	33
jornada de voluntariado en la playa de Arnela (Sada).....	34
celebración del día mundial de los humedales.....	35
seminario "The Art of Communication on Nature management Measures"	36
corredores fluviales y especies exóticas e invasoras.....	36
replicación y transferencia de resultados en A Lagoa do Rei.....	37
corredores fluviales como base para la recuperación de la ictiofauna piscícola.....	37
día internacional de la Madre Tierra.....	38
webinar: Restauro e Recuperação de Linhas de Água.....	38
día de la Red Natura 2000.....	39
III jornada sensibilización de la población local.....	40
día mundial del medio ambiente	40
LIFE Fluvial en RTP2 TV.....	41
jornadas de capacitación en Asturias.....	41
instalación de un posadero para águila pescadora en la ZEC Betanzos-Mandeo.....	42
seminario LIFE Fluvial y el programa de medidas del PHGC 2021-2027.....	42
open science Cambre 2021.....	43
visita máster biotecnología universidad de Oviedo.....	43
I jornada de difusión especializada Portugal.....	44
seminarios de capacitación CFEA Lourizán (Pontevedra)	45
2º taller participativo: propuesta de proyecto Plan Hidrológico-Sistema de explotación Eo a Sella.....	46
semana de la ciencia universidad de Oviedo.....	47
1º taller participativo "estrategia española biodiversidad y ciencia".....	47
workshop: restauración ecológica en las lagunas de Bertiandos y São Pedro de Arcos.....	48
XX Encontro Nacional de Ecología SPECO.....	48
LIFE Fluvial networking.....	49

reuniones de coordinación	51
visita de seguimiento NEEMO-IDOM.....	51
reunión de coordinación online.....	52
comisiones de seguimiento.....	53
2 ^a comisión de seguimiento en Portugal.....	53



life**fluvial**

avances nas accións de restauración

actuacións na Lagoa do Rei

Durante o ano 2021 os traballos desenvolvidos por TRAGSA na Lagoa do Rei (Rábade, Lugo) comprenderon fundamentalmente accións de reposición de marras nas plantacións con especies características do hábitat 91E0*, para a mellora do seu estado de conservación e incrementar a conectividade con outros hábitats naturais. As visitas para realizar as plantacións teñen permitido que o persoal de TRAGSA realizase, de xeito puntual, o control manual do rebrote (cada vez más débil) dalgunhas das especies exóticas invasoras que foran obxecto do proxecto.




A prorroga solicitada por LIFE Fluvial posibilitou que durante o outono de 2021 se avaliase, e finalmente executado, a realización dunha actuación complementaria, e moi valiosa, para o estado de conservación do humidal. Na parte occidental da Lagoa do Rei, realizábase unha plantación perimetral á lagoa, con estacas de *Salix atrocinerea*, tratando de conformar un cordón ripario continuo que complete e conecte o bosque da zona Norte coa zona Sur, e igualmente que permita crear un buffer de protección da lagoa, que será preservado da sega, de forma que aí poidan desenvolverse comunidades higrófilas de bordo da mesma.



actuacións nos enclaves do río Miño

Durante o ano 2021 os traballos desenvolvidos por TRAGSA nos 3 tramos do río Miño obxecto de LIFE Fluvial comprenderon fundamentalmente accións de reposición de marras nas plantacións con especies características do hábitat 91EO* e o control manual do rebrote dalgunhas das especies exóticas invasoras que foran obxecto do proxecto, áinda que de xeito moi puntual xa que cada vez este rebrote foise mostrando más débil.



A actuación alcanzou os obxectivos iniciais expostos na candidatura. Os resultados alcanzados poñen de manifesto a idoneidade das medidas de conservación executadas, a mellora da naturalidade dos corredores fluviais, a eliminación das presións e ameazas existentes sobre os corredores fluviais e a mellora do estado de conservación do hábitat prioritario obxectivo (91EO*). Os métodos e técnicas empregados nas actuacións de restauración foron exemplares e modélicos, en canto á adaptación dos mesmos á fraxilidade dos medios fluviais nos que se desenvolven, actuando con precisión cirúrxica, intervencións de baixa intensidade, respectando o medio ambiente e polo tanto sen causar un impacto significativo nos componentes clave do ecosistema.

actuacións no corredor Ría de Ribadeo-Ría do Eo

Nestes territorios fluvioestuarinos, o proxecto LIFE Fluvial en 2021 centrouse especialmente no seguimento das plantacións das especies autóctonas realizadas en anos anteriores.

Unha das tarefas fundamentais para o éxito das plantacións foi a roza, consistente en liberar ás plantas novas da competencia das herbáceas adxacentes durante os primeiros anos de crecemento, permitindo así un desenvolvemento máis rápido das mesmas. Tamén foron realizadas cortas de control dos rebrotes dos tocos das especies alóctonas previamente retiradas, como chopos, acacias e eucaliptos, co obxectivo de asegurar o éxito da súa eliminación.

Ademais, seguiuse o control das parcelas experimentais para a eliminación de eucaliptos, acacias e cana. Retiráronse as lonas e os resultados indican que a cubrición con plástico parece dar bons resultados. A parcela de eucalipto recuperou máis de 28 novas especies nativas, varias arbóreas e arbustivas.



actuacións na cunca media do Eo

Durante o ano 2021, en toda a zona media do río Eo, continuouse cos labores de mantemento da plantación: rozas e marcación de marras para a súa reposición nas tarefas de seguimento e a realización dun control periódico dos rebrotes e das especies invasoras.

Nas visitas de seguimento da actuación de bioenxeñería en Vilaboa comprobouse que a empalizada con estaquillas de salgueiro e as sementes plantadas na parte superior tiveron un importante éxito. Pódese observar tamén a colonización da barra por amieiros y salgueiros. Unha estupenda rexeneración natural.

En San Tirso de Abres procedeuse á retirada da lona do tratamento experimental de *Tradescantia*, apreciándose o éxito do método. A presenza de *Crocosmia* é agora escasa, observándose unha notable redución respecto ao momento inicial.

As visitas en Ribeira de Piquín e Meira mostran o bo estado da ribeira restaurada, os plantóns rebrotan e na paisaxe os amieiros mortos desapareceron, os tocos mostran a súa situación previa.



actuacións nas lagoas de Arnao e Villadún

En decembro de 2020 plantáronse novas estaquillas de *Laurus nobilis*, cuxa evolución durante 2021 foi moi favorable. *Delairea odorata* é moito menos visible e as especies autóctonas como *Oenanthe crocata*, *Rubus* sp., *Lythrum salicaria*, *Carex* sp., *Limniris pseudacorus* e outras propias destes medios van recuperando o seu espazo ecolóxico. En maio realizáronse labores para rozar as plántulas das especies plantadas, que se vián excedidas pola vexetación circundante, ao obxecto de facilitar o seu crecemento. Non foi necesario realizar estas accións para os salgueiros, que tendo estaquillas de máis dun metro poden competir mellor coas silvas.



Ademais do seguimento das plantacións, fíxose unha eliminación manual da especie alóctona *Arctotheca calendula* durante o mes de decembro, mes oportuno para a realización da devandita tarefa xa que a planta é facilmente recoñecible, pero non produciu aínda as flores e tampouco as sementes. O éxito das plantacións é moi alto e o seu crecemento é rápido, feito que permitirá a recuperación total da cuberta arbórea característica do hábitat 91E0* nun breve período de tempo.



actuacións no LIC río Lima

As actuacións de restauración centráronse en dous tipoloxías: o reforzo da vexetación autóctona no enclave onde se cortou o eucalipto de *Eucalyptus camaldulensis*, a través de plantación de estaquillas de salgueiro (*Salix atrocinerea*). A principios de marzo de 2021, preparáronse 2566 estaquillas de salgueiro, que foron enterradas para o seu enraizamento nun "canteiro" situado no enclave de actuación. A finais de xuño plantáronse 1.011 estaquillas no enclave de actuación xa ben enraizadas e a finais de outubro foi necesario fazer a reposición de marras. Doutra banda, no control de especies invasoras continuaron as accións de descortezado de *Acacia melanoxylon* que, despois de mortas, foron cortadas e extraídas do enclave entre agosto e setembro. Tamén se fixo o control de *Phytolacca americana* a través da recolleita de froitos e do arrinque de raíces. Ademais destes traballos inclúese a continuación de accións de restauración pasiva de vexetación autóctona, así como accións de seguimento das intervencións mencionadas.



← Descortezado do tronco



Corte de *Acacia melanoxylon* →

Plantación de estaquillas de *Salix atrocinerea* →



actuacións na ZEC Betanzos-Mandeo

Durante 2021 TRAGSA executou unha serie de operacións de corrección topográfica que permitiron repoñer o funcionamento e a conectividade do ecosistema, mediante a creación e mellora de ecotonos entre o corredor fluvioestuarino. Mediante medios mecánicos realizouse unha adecuación das superficies obxecto de LIFE Fluvial na ZEC Betanzos-Mandeo (ES1110007), dentro de terreos do concello de Bergondo (A Coruña), rompendo a homoxeneidade e artificialidade da cota que fora creada coa construcción previa dos equipamentos deportivos. Deste xeito, creouse un pequeno mosaico de hábitats con biotopos diferenciados en canto á súa profundidade (< 60 cm), que permiten o desenvolvemento de distintas biocenoses.



Paralelamente, procedeuse á execución dos traballos de restauración de 2,1 ha de bosque aluvial (91E0*), mediante a repoboación con especies características da cuberta vexetal do mesmo, restituíndo a conectividade co bosque aluvial do resto do corredor fluvio-estuarino. O deseño da plantación deixou un corredor en cada unha das zonas, a modo de carreiro, que entra e sae das áreas restauradas. Nas zonas que o carreiro se une á pista perimetral, instaláronse dispositivos de control de acceso de vehículos, para evitar a entrada dos mesmos ao trazado do carreiro. Esta senda reforza a función de sensibilización dos valores naturais da ZEC, así como a difusión dos resultados do proxecto, posibilitando unha maior transferibilidade do proxecto a longo prazo.



actuacións na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre

Durante 2021 TRAGSA continuou a eliminación e control de especies exóticas invasoras, que constituían unha ameaza para o mantemento do estado de conservación favorable do hábitat 91E0*. As especies invasoras arbóreas (*Eucalyptus spp.*, *Acacia melanoxylon*, *Acacia dealbata*, *Populus × canadensis*, *Robinia pseudoacacia*, *Pinus spp.*) eran apeadas e partidas mediante métodos manuais, cargadas a camión e enviadas a xestor de residuos. A presenza de plumeiro da pampa (*Cortaderia selloana*), aínda que escasa, mostrouse importante nalgúns núcleos, presentando individuos de grandes dimensións. Estes foron retirados mediante medios mecanizados, empregando unha retroescavadora equipada con pinza bivalva, que arrincou e amoreou os individuos do plumeiro nunha pila, onde perderon humidade, e unha vez secos cargáronse en camión e enviado a xestor de residuos autorizado.

Paralelamente, procedeuse á execución dos traballos de restauración do bosque aluvial (91E0*), mediante a repoboación con especies características da cuberta vexetal do mesmo, permitindo a conectividade co bosque aluvial do resto da ZEC. Para iso empregouse planta que foi xerada previamente polo proxecto LIFE Fluvial a partir de material forestal de reproducción de procedencia local, evitando así a introdución de ecotipos foráneos que poidan causar contaminación xenética, servir de vectores para pragas e enfermidades, etc.



De forma paralela ás subaccións anteriores, realizouse a eliminación manual de provisións de lixo que eran identificados nunha serie de puntos do contorno do encoro de Cecebre, nos cales se foran acumulando residuos de diversa índole (aramados, cables, electrodomésticos, materia orgánica, etc.), afectando ao estado de conservación dos ecosistemas naturais e seminaturais da ZEC. Trala eliminación manual destes residuos, foron posteriormente transportados a un xestor autorizado, para o adecuado tratamento dos mesmos.



comunicación e difusión

audiovisual

Desde o mes de xuño de 2021 xa está disponible o audiovisual do proxecto nos seus diferentes formatos e idiomas. Así, existe a posibilidade de gozar dunha versión máis estendida cunha duración de 10 minutos ou outra máis reducida de menos de 3 minutos. Ámbolos vídeos contan con versións tanto de audio como de subtitulado nos catro idiomas empregados no proxecto; castelán, galego, inglés e portugués.

Para acceder aos mesmos pódese acudir á web de LIFE Fluvial (Produtos > Vídeos) ou ben facelo directamente a través da plataforma YouTube.

The screenshot shows the 'VIDEOS' section of the LIFE FLUVIAL website. At the top, there's a navigation bar with links to 'CORREDORES FLUVIALES', 'LIFE FLUVIAL', 'SOCIOS', 'ACCIONES', 'ZONAS DE ACTUACIÓN', 'RED FLUVIAL', 'PRODUCTOS', 'ACTUALIDAD', and a search icon. A sidebar on the right lists 'DOCUMENTOS', 'ENCUESTAS', 'VÍDEOS' (which is highlighted in dark grey), 'IMÁGENES', and 'JUEGOS'. Below the navigation, there are four video thumbnails. Each thumbnail has a play button and the text 'LIFE FLUVIAL (L...)' followed by a truncated title. The first two thumbnails have a caption below them: 'Audiovisual del proyecto: Versión larga en castellano' and 'Audiovisual del proyecto: Versión larga en gallego'. The last two thumbnails also have captions: 'Audiovisual del proyecto: Versión corta en castellano' and 'Audiovisual del proyecto: Versión corta en gallego'.

O visionado destes traballos permite realizar unha viaxe ao longo dos enclaves obxecto das actuacións de LIFE Fluvial e comprender de forma amena a importancia da conservación dos corredores fluviais. En varios dos seminarios de capacitación levados a cabo no ano 2021 o audiovisual supuxo unha interesante ferramenta de contextualización e introdución de conceptos sobre o contexto do proxecto.



O xogo dagota

Tralo desenvolvemento ao longo de 2020 do xogo web interactivo (www.oxogodagota.es), no que ao taboleiro da cunca dos ríos Mero-Barcés, tributarios do Encoro de Abegondo-Cecebre, uníase o taboleiro da cunca alta do Miño, no ano 2021 créase unha terceira opción: o val do Lima, dedicado ao enclave portugués do proxecto.




Este último taboleiro creado está conformado por símbolos culturais, naturais e outros sobre o trazado da rede hidrográfica incluída na ZEC Río Lima, na que se centran moitas das preguntas. É un xogo feito para os más pequenos, pero os adultos tamén poden aprender moito. Xoga e aprende!



exposición itinerante

A exposición itinerante reflexa os aspectos más significativos do proxecto LIFE Fluvial de maneira divulgativa, coa finalidade de chegar, así, a un público o máis amplio e diverso posible.



↑↓ Centro de Interpretação Ambiental das Lagoas de Bertiandos e São Pedro d'Arcos
(Ponte de Lima, Portugal); 09/11/20 - 29/09/21


↑↓ Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán
(Pontevedra, Galicia); 01/09/21 - 31/12/21



web LIFE Fluvial e redes sociais



CORREDORES FLUVIALES LIFE FLUVIAL SOCIOS ACCIONES ZONAS DE ACTUACIÓN RED FLUVIAL PRODUCTOS ACTUALIDAD Q



Qué es LIFE Fluvial
El objetivo general del proyecto es la mejora del estado de conservación de corredores fluviales atlánticos en la Red Natura 2000. Para este propósito, el proyecto desarrolla una estrategia transnacional para la gestión sostenible de sus hábitats en varias cuencas fluviales atlánticas de la Península Ibérica (España y Portugal).

Durante o ano 2021 foise aportando máis contido á web, publicáronse más de 40 noticias relacionadas co proxecto, fóreronse difundindo os eventos celebrados durante este período e subíronse novos documentos ao apartado de produtos.

	Seguidores	Post/tweets	Mencions	Interacciones	Alcance
Twitter	994	2.149	493	18.375	756.204
Instagram	597	191	---	2.681	7.475
Facebook	444	153	---	4.185	38.313
Youtube	---	24	---	---	1.227
TOTAL	2.035	2.517	493	25.241	803.219

Nota: indicadores acumulados



Facebook, Twitter e Instagram actualizáronse de forma continua coas principais noticias e eventos relacionadas co proxecto e os corredores fluviais.

DOCUMENTOS

- A - Informes técnicos
 - A1 - Entregables estudio hidrogeomorfológico
 - Informe de los cambios de actuación de la cuenca del río Eo - Descarga pdf
 - Resumen: Informe correspondiente a la acción preparatoria A1 en el que se lleva a cabo una observación de la cuenca hidrográfica del río Eo, una cartografía geomorfológica y un análisis de las principales amenazas y riesgos que afectan a la cuenca y las acciones de conservación C1, C2 y C3.
- A2 - Entregables indicadores de seguimiento
- A3 - Entregable protocolo de eliminación de especies invasoras y alóctonas
- A4 - Entregables análisis de la vegetación
- A5 - Entregable caracterización del hábitat IREO* en Portugal
- A6 - Entregables proyectos técnicos
- A7 - Plan de contingencia
- E - Divulgación y comunicación
 - E1.1. Plan de comunicación
 - Libro de estilo - Descarga pdf
 - Manual de identidad corporativa - Descarga pdf
 - E1.2. Materiales de sensibilización

life fluvial

Life Fluvial (@life_fluvial) • 13 posts

Meliora y gestiona sustentable corredores fluviales @lifefluvialcorredores @agronomia @Circunvalafrica @gobiosfera @MARES_Bios_intel @mavka

Regionio Alentejo-Baixa

Tweets 1.209 Seguidores 350 Seguidores 628 Me gusta 6.375 Listas 2

13 Un Fluvial instante emalas 16 mins

Resumo O río Ulla, local organiza este domingo 15 de Marzo Desfile da Ribeira, unha actividade que pretende dar visibilidade ao río e identificar maría marta, a porreiras. No río nacen de Koves no territorio do concello da Coruña.

no concello da Coruña


divulgación e sensibilización

taller escolar no concello de Oleiros

O 25 de febreiro de 2021 desenvolveuse para o CEIP Isidro Parga Pondal, do concello de Oleiros (A Coruña), un taller online titulado "Somos Biosfera".

A charla, á que asistiron un total de 17 alumnos de 5º de educación primaria, foi impartida de maneira telemática polo técnico da Reserva de Biosfera Miguel Fernández.

Ademais de destacar a orixe e a importancia das Reservas de Biosfera, resaltouse o papel de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo dentro de LIFE Fluvial coa proxección do vídeo de animación "Rede Natura 2000" e unha explicación detallada das actuacions do proxecto no territorio e a súa importancia medioambiental.



talleres escolares no concello de Bergondo

En abril de 2021, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos realizou dous talleres no CPI Cruz do Sar.

Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
16/04/2021	CPI Cruz do Sar	2º primaria	18	Debuxo de natureza
26/04/2021	CPI Cruz do Sar	2º primaria	17	Debuxo de natureza
Total talleres:	2	Total alumnado:	35	

O desenvolvemento de ámbolos dous talleres iniciouse cunha breve charla sobre os principais valores a ter en conta para preservar a flora e a fauna dos corredores fluviais. A actividade principal das xornadas consistiu na aprendizaxe de prácticas de debuxo sobre natureza impartido polo artista local Suso Cubeiro. As nenas e nenos participantes tiveron ocasión de amosar as súas habilidades coas súas propias creacións.



talleres escolares no concello de Sada

No concello de Sada, desde a Asociación Mariñas-Betanzos, en colaboración con EMALCSA, organizáronse un total de 5 talleres educativos no mes maio de 2021.

Os obxectivos estiveron centrados, por unha parte, nos principais valores de sensibilización enmarcados no LIFE Fluvial, como é o ciclo da auga e a súa importancia no medio. Informouse ademais sobre os principais valores promulgados polo proxecto e sobre as áreas Natura 2000 do entorno. Para iso utilizouse unha dinámica de preguntas e respuestas utilizando un taboleiro de xogo.



Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
05/05/2021	IES Isaac Díaz Pardo	1º ESO	20	Ciclo da auga
07/05/2021	IES Isaac Díaz Pardo	1º ESO	19	Ciclo da auga
07/05/2021	IES Isaac Díaz Pardo	1º ESO	22	Ciclo da auga
10/05/2021	IES Isaac Díaz Pardo	1º ESO	22	Ciclo da auga
10/05/2021	IES Isaac Díaz Pardo	1º ESO	22	Ciclo da auga
Total talleres:	5	Total alumnado:	105	



taller escolar no concello de Carral

O 25 de maio de 2021, a Asociación Mariñas-Betanzos levou a cabo un taller cuxo obxectivo foi a concienciación sobre o perigo que representan as especies exóticas invasoras. Á charla asistiron 23 alumnos de 4º de educación primaria do CEIP Vicente Otero Valcárcel.



MARIÑAS CORUÑESAS e TERRAS DO MANDEO Reserva de Biosfera

ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

25/05/2021

CEIP Vicente Otero Valcárcel (Carral)

life fluvial



Como afectan as especies exóticas invasoras á biodiversidade?

- Producen cambios importantes na composición, estrutura e procesos dos ecosistemas naturais
- Poñen en perigo a biodiversidade biólogica autóctona:
 - Diversidade de especies
 - Diversidade dentro das poboacións
 - Diversidade de ecosistemas



Como chegan as especies exóticas?

Intencionado

- Producción de alimentos
- Xardinería
- Mascotas
- Mellora do solo
- Producción forestal

Accidental

- Rutas de comunicación
- Comercio de produtos agrícolas
- Dentro doutras mercadorias



life fluvial
LIFE16 NAT/ES/000771
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REXIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
Acción E2. Programa de divulgación e sensibilización

Indurot, USC IBADER, INSTITUTO SUPERIOR DE AGRONOMÍA, Tragsa, Consellería de Medio Ambiente, Gobernación de Galicia, emalsa, Concello de Ribadeo

Comezamos!

Unidade 10
ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

taller escolar no concello de Betanzos

O 22 de outubro de 2021 levouse a cabo unha saída de campo polo río Pelamios (Betanzos) co obxectivo da posta en valor da etnografía dos corredores fluviais presentes no mesmo, desde muíños de trigo ata instalacións de curtidoiros e fontes de abastecemento de auga de consumo, así como a observación de especies arbóreas de bosque de ribeira.



Contouse coa implicación dun total de 21 alumnos de 6º de primaria do centro escolar “CEIP Sada y sus Contornos”.



talleres escolares no concello da Coruña

No concello da Coruña, desde a Asociación Mariñas-Betanzos, en colaboración con EMALCSA, organizáronse un total de 11 talleres educativos entre os meses de febreiro e xuño de 2021.

Neste caso, para a promulgación dos principais valores de sensibilización enmarcados no LIFE Fluvial, como é o ciclo da auga e a súa importancia no medio, utilizouse o xogo online creado desde o proxecto “oxogodagota.es”, utilizando o taboleiro da cunca do Mero-Barcés.



Centro	Curso	Alumnado	Temática
FESD Santo Domingo	5º primaria	25	Ciclo da auga
FESD Santo Domingo	5º primaria	26	Ciclo da auga
CEIP Emilia Pardo Bazán	5º primaria	20	Ciclo da auga
CEIP Emilia Pardo Bazán	5º primaria	20	Ciclo da auga
CEIP Emilia Pardo Bazán	5º primaria	20	Ciclo da auga
CEIP Emilia Pardo Bazán	5º primaria	20	Ciclo da auga
CEIP Sagrada Familia	5º primaria	19	Ciclo da auga
CEIP Sagrada Familia	5º primaria	19	Ciclo da auga
CEIP Sagrada Familia	5º primaria	19	Ciclo da auga
CEIP Sagrada Familia	6º primaria	20	Ciclo da auga
CEIP Sagrada Familia	6º primaria	20	Ciclo da auga
Total talleres: 11		Total alumnado:	228



talleres escolares no concello de Culleredo

Do mesmo xeito que no caso anterior do concello da Coruña, para os talleres de Culleredo empregouse igualmente o xogo online “oxogodagota.es”.

Neste caso, as participantes foron 4 aulas do centro escolar CPR Monte Espiño, que utilizaron o xogo en diversas ocasións durante os meses de febreiro e xuño de 2021.

Centro	Curso	Alumnado	Temática
CPR Monte Espiño	5º primaria	21	Ciclo da auga
CPR Monte Espiño	5º primaria	20	Ciclo da auga
CPR Monte Espiño	6º primaria	25	Ciclo da auga
CPR Monte Espiño	6º primaria	26	Ciclo da auga
Total talleres: 4	Total alumnado:	92	


De novo, ao tratarse da área metropolitana da Coruña, o taboleiro escollido foi o da cunca do Mero-Barcés.



taller escolar no concello da Fonsagrada

Este taller escolar foi organizado e desenvolvido telematicamente coa colaboración dos socios do proxecto INDUROT e InterEo, sendo impartido o 5 de maio de 2021 a 20 alumnos de entre 7 e 9 anos que cursan 3º e 4º de educación primaria no centro escolar CEIP Santa María (A Fonsagrada – Lugo).

A temática tratada foi a importancia da concienciación medioambiental e as actividades de divulgación de LIFE Fluvial.



taller escolar no concello de Trabada

Co mesmo enfoque que no caso anterior de A Fonsagrada, o 7 de maio de 2021, desde INDUROT e InterEo, ofreceuse de maneira online un taller a 12 escolares de entre 7 e 9 años do CEIP Celso Currás (concello de Trabada – Lugo).

taller escolar no concello de Castropol

O 10 de xuño, os socios INDUROT e InterEo impartiron un taller a 17 alumnos de 6º de primaria do CP La Paloma, en Castropol (Asturias).

talleres escolares no concello de Oviedo

O 26 de maio de 2021, os socios do proxecto INDUROT e InterEo levaron a cabo un taller no CEIP San Lázaro Escuelas Blancas, de Oviedo. Contouse coa participación de varias clases de 4º e 5º de educación primaria para un total de 90 escolares. A temática tratada xirou arredor da importancia da conservación dos corredores fluviais.



Por outra parte, o 10 de xuño de 2021, desde INDUROT ofrecéronse unha serie de talleres no CP Parque Infantil e CP San Claudio, aos que asistiron 71 escolares de 1º, 2º e 4º de educación primaria.

Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
10/06/2021	CP San Claudio	4º primaria	14	Corredores fluviais
10/06/2021	CP Parque Infantil	2º primaria	20	Corredores fluviais
10/06/2021	CP Parque Infantil	2º primaria	20	Corredores fluviais
10/06/2021	CP Parque Infantil	1º e 2º primaria	17	Corredores fluviais
Total talleres:	4	Total alumnado:	71	

talleres escolares no concello de Ponte de Lima

Os días 22 e 24 de novembro de 2021 desenvolvéronse 3 talleres escolares con motivo da celebración do Día do Bosque Autóctono co proxecto LIFE Fluvial. Participaron un total de 90 escolares, xunto cos seus profesores e axudantes, de catro escolas primarias de Ponte de Lima (Feitosa, Ribeira, Vitorino de Piñes e Lagoas). As sesións incluíron actividades en aula e no campo.

No auditorio do Centro de Interpretación Ambiental das Lagoas de Bertiandos e São Pedro d'Arcos, dinamizouse unha sesión titulada “Os ríos e os seus corredores fluviais”, coa axuda dos personaxes e escenarios do conto de “Os Bolechas”. O alumnado puido debater e interactuar sobre conceptos como biodiversidade, corredor fluvial, servizos ambientais, ameazas (aos corredores fluviais), especies invasoras e a Rede Natura 2000.

As actividades de campo incluíron a visita a un pequeno regato e o seu corredor fluvial, coas súas especies de plantas autóctonas e algunas das exóticas que poden ameazalo.



xornada de voluntariado en Cullergondo

Para a organización e convocatoria desta xornada, levada a cabo o 23 de abril de 2021, Mariñas-Betanzos contou coa colaboración do departamento de medio ambiente do Concello de Abegondo así como da ONG Cooperación Internacional.

O principal obxectivo perseguido foi o da concienciación da importancia da preservación das especies arbóreas autóctonas de ribeira como parte esencial dos hábitats dos corredores fluviais.



Para os traballos contouse coa colaboración dun total de 10 persoas que lograron a plantación de 30 árbores de ribeira nunha superficie aproximada de 800 m² á beira do río Mero. As especies implantadas, procedentes do viveiro do socio TRAGSA e pertencentes ao propio proxecto, foron *Betula pubescens* (bidueiro), *Ilex aquifolium* (acivro) e *Quercus robur* (carballo).

xornada de voluntariado en Carral

Para o desenvolvemento da xornada, levada a cabo o 25 de abril de 2021, Mariñas-Betanzos contou coa colaboración do departamento da Concellaría de Obras públicas, Servizos, Medio Ambiente e Protección Civil do Concello de Carral e da Asociación de Custodia do Territorio "Brexa".



Un total de 8 persoas voluntarias implantaron 50 árbores de ribeira ao longo de 500 metros lineais da marxe do río Brexa.



xornada de voluntariado en Aspace

Nesta ocasión a xornada consistiu na plantación de especies de ribeira nas instalacións de ASPACE Coruña (Sada), entidade pionera en Galicia en atención a persoas con parálise cerebral. A actividade desenvolveuse grazas á inestimable colaboración tanto da dirección e o persoal de mantemento de ASPACE como das persoas usuarias do centro.

Deste modo, o 30 de abril de 2021 fíxose posible a plantación de 16 exemplares de *Betula pubescens* (bidueiro), *Ilex aquifolium* (acivro), *Acer pseudoplatanus* (pradairo) e *Quercus robur* (carballo). Por motivo da situación sanitaria e os protocolos específicos deste tipo de centros, as explicacións e intervencións desde LIFE Fluvial limitáronse á visita previa, preparación e planificación e entrega das árbores. O propio día da plantación cos voluntarios non se asistiu por seguridade.



xornada de voluntariado no Pedrido (Bergondo)

Para levar a cabo os traballos contouse coa colaboración do centro escolar “CEIP Sada y sus Contornos”, que brindou a participación de dúas das súas clases de 6º curso de educación primaria.

As actuacións desenvolvéreronse o 14 de maio de 2021 na praia do Pedrido (concello de Bergondo) e consistiron na retirada da especie exótica invasora *Arctotheca calendula* da zona de trasduna e arredores así como na recollida de residuos plásticos do areal. Para os traballos contouse co esforzo de 26 alumnos e dos profesores do centro educativo, apoiados por técnicos da Reserva de Biosfera e un técnico externo especialista en divulgación ambiental.

A xornada, levada a cabo nunha superficie neta de 3.500 m², tivo como resultado a retirada de 30 kg de residuos e de 120 kg de material vexetal da especie invasora mencionada.



xornada de voluntariado na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre

Desenvolvida o 5 de xuño de 2021, para a convocatoria desta xornada contouse coa colaboración do departamento de "Zara Logística" da empresa Inditex, así como da empresa "Valora Consultores".

O obxectivo centrouse na eliminación manual, mediante arrinque, de rebrotes de *Robinia pseudoacacia* e de *Acacia dealbata* en áreas obxecto de actuación de LIFE Fluvial.



Trala benvida por parte da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, persoal do IBADER proporcionou información sobre o proxecto e a ZEC, complementada cunha charla de contextualización sobre o papel do encoro na preservación do medio ambiente a cargo de EMALCSA. Os asistentes tiveron tamén ocasión de visitar a Aula da Natureza de Crendes a través dunha visita guiada cortesía do departamento de medio ambiente do Concello de Abegondo.

De acordo aos protocolos COVID-19 e á fraxilidade do entorno, distribuíuse aos 26 voluntarios en 3 grupos en distintos espazos de traballo.



Foron retirados 3 *bigbag* de brotes de falsa acacia, 1 *bigbag* de mimoso e 1 *bigbag* de residuos (fundamentalmente vidro) sobre unha superficie de 13.200 m² e trasladados por TRAGSA a xestor autorizado.

xornada de voluntariado en Irixoa

Esta actividade forma parte dos eventos de celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, no marco do LFE Fluvial. A área obxecto das actuacións, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Antón (Irixoa – A Coruña) atopábase ata o ano 2019 ocupada por un uso forestal intensivo, onde o eucalipto dominaba a práctica totalidade da súa superficie. Trala execución dun proxecto de mellora ambiental, este uso substitúese por especies frondosas como carballo, bidueiro, cerdeira, sobreira, nogueira e castiñeiro. O principal obxectivo da xornada desenvolvida o 6 de xuño de 2021 centrouse na colaboración na preservación desta iniciativa, sobre todo a través do control de brotes de semente de eucalipto.



Para a convocatoria dos 56 voluntarios participantes contouse coa colaboración da Asociación Nacional GN Medio Ambiente, da empresa Decathlon e da propia Comunidade do Monte Veciñal.

Trala finalización dos traballos, realizados sobre unha superficie bruta de 3,7 hectáreas, derivouse a retirada de máis de 500 brotes de eucalipto e a recollida de aproximadamente 100 kg de refugallos (fundamentalmente plástico, vidro e ferralla).



xornada de voluntariado en Arteixo

Propúxose esta xornada de voluntariado como unha actividade de sensibilización fronte á problemática das plantas invasoras. A organización e desenvolvemento da xornada, levada a cabo durante os días 12 e 13 de xullo de 2021, correu a cargo do socio Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, que contou coa colaboración do departamento de medio ambiente do Concello de Arteixo, a ONG Cooperación Internacional e o Grupo Naturalista Hábitat.

O emprazamento elixido foi a praia de Alba, en Arteixo (A Coruña) e o obxectivo a retirada da especie exótica invasora *Carpobrotus edulis* (unlla de gato), nunha superficie delimitada de algo máis de 1 hectárea.

Nos traballos durante os dous días sinalados participaron un total de 46 voluntarios que lograron retirar 7 m³ de material vexetal que, unha vez pesado pola empresa xestora de residuos, equivaleron a 980 kg de restos de *Carpobrotus edulis*.



xornada de voluntariado na área recreativa da lagoa de Arnao

A xornada de voluntariado tivo lugar o día 28 de xullo de 2021 na área recreativa da lagoa de Arnao (Castropol, Asturias). Promovida polo INDUROT, coa colaboración do Concello de Castropol, InterEo e Cogersa, o obxectivo foi a retirada da planta invasora *Arctotheca calendula*, chamada comunmente margarida do Cabo ou margarida africana. Esta planta introduciuse como planta ornamental e agora atópase ben adaptada ao clima costeiro cantábrico. É moi común atopala en terreos moi pisados polas rodas dos coches nos aparcamentos preto das praias, debido a que as súas sementes poden ser transportadas a través de zapatos e pneumáticos.



Nesta área la invasión áinda está nunha fase embrionaria e a xornada de voluntariado serviu para extirpar a case totalidade dos individuos adultos e das sementes presentes no solo. Non é a primeira vez que se intervén sobre a margarida africana en Arnao, xa que o 11 de xuño de 2020 o LIFE Fluvial realizou outra xornada de voluntariado. Non obstante, fíxose necesaria unha segunda intervención para retirar as plantas que naceron das sementes do ano anterior presentes no solo.



xornada de voluntariado na praia de Arnela (Sada)

Buscándose un emprazamento que permitiese abordar a problemática dos microplásticos no medio natural. Para iso, considerouse idóneo o areal da praia de Arnela (concello de Sada), no ámbito do corredor fluvioestuarino de Betanzos-Mandeo, ao tratarse dun entorno non accesible para os servizos de limpeza mecanizados do Concello.

